Tantos trabayos, y un feixe d'estongos torgando el camín. Sempre salía algúa cousa; anque lo malo nun era qu'os trabayos fosen cada vez piores, senón que xa nun quedaban ilusións por trunfar na vida. El pasao levábalo de volta a os anos nos que tivera a tempo de todo, sendo mozo, y as posibilidades eran muitas. Pepe nun arrenegaba del trabayo, pero pensaba que valía pr'algo máis que pra fer as camas ou repartir os periódicos y as baraxas todas as mañás. Pensábalo col respeito que merez toda a xente que se dedica a elo, pero é que despóis de saborear un bon trabayo como marino, qu'al cabo é pral qu'estudiara, y sabendo que por ese camín xa

nun podía tirar, sentía a tentación cada vez maior de fer algo distinto, arresgarse, nun esperar a que lo chamaran pra cubrir retiros, vacacióis ou esas necesidades laborales qu'ás empresas se yes presentan de sutaque.

Por eso, tuvera vai tempo el idea de montar un negocio con un antigo compañeiro da mili, al que nun conocía namáis que d'eso, de fer el servicio; y xa fía un mundo d'elo. Però eran tantas as ganas y el ilusión por volar como empresario, y amañar un negocio propio, que nun quixo ver xa máis.

El compañeiro nun era mal rapaz, y conocía el trabayo da hostelería; però nin tía cuartos nin tía chapeta. Pepe tía cuartos porque levaba toda a vida aforrando por se vían tempos amolaos. Bueno, amolaos xa eran abondo: por se vían tempos eínda piores; y algúa vez tuvera chapeta, però nun conocía a hostelería nin sabía cómo montar úa empresa.

A cousa iba d'alquilar un local que fora bar en Xixón, nel barrio da Arena, cerca da praya; y amañar alí úa empresa pra levar comida ás casas. El sito taba ben pensao, porque nel barrio vivía muita xente de clase media, y algús tamén de media clase, con pouco tempo pra dedicalo a os labores domésticos, muitos pisos d'esos que chaman alquileres vacacionales, y xente nova, da segunda xeneración del barrio, a os qu'igual de latoso yes abultaba comprar a comida nun sito como ese que dir buscarye el *táper* á madre.

El caso é que, como a cousa taba ben pensada, xa la pensaran muitos outros antias qu'elos. Así, mentras el compañeiro iba reclutando al personal, y falaba cos proveedores y choyistas, Pepe dedicábase a os asuntos administrativos, qu'eran muchos. Nunca pensóu el home que montar úa empresa en España costara máis trabayo que trabayar nela. Empezóu a conocer as oficinas de Facenda, del Rexistro Mercantil y da Tesourería Xeneral da Seguridá Social, y a dir aprendendo qué é el Imposto d'Actividades Económicas ou a Licencia d'Apertura. Y alí iba todas as mañás, a un sito ou al outro, cua carpeta de pel que sempre levaba debaxo del brazo, a mesma que coyera pra trer os títulos, certificaos de cursos, vida laboral y currículum entre otras muitas cousas a esa oficina d'emprego marítima unde xa el entrevistador salira á sala a chamar por él.

Pepe seguía montando guardia, de babor a estribor, pasando delante del mostrador dos funcionarios, saludando y fendo reverencias, masuñando libros, lavando as maos con augua y xabón, amurando pola porta d'entrada por se vía ou salía xente y, agora tamén, revolvendo na carpeta de pel unde xa nun había declaracióis censales, el alta dos trabayadores nin a licencia d'obras.

De tantas mañás perdidas en todas aquelas oficinas, quedáraye tamén a zuna de laticar mil veces nos papeles da carpeta, mentras cuntaba se iban todas as foyas y relataba por baxo un cento de protestas. ¡Un estudio d'impacto acústico y un programa contra-incendios pr'abrir un comedor! ¡Nin que fose un barco! Y todo pra nada, porque el presidente da comunidá de vecíos xa tía outro negocio como ese na zona y nun houbo manera de quitar a licencia d'apertura...

El entrevistador, mentras, salira da sala pequena al recibidor, y vira xa a os funcionarios paraos mirando el espectáculo. Nel medio da ponte de navegación un home pasiaba d'un lao pral outro con úa carpeta de pel debaixo del brazo, estiraba el pescozo y miraba al horizonte, cuntaba úa vez tres outra os documentos que levaba consigo, saludando á xente que nun sabía nada y se ye cruzaba; lougo acercábase á biblioteca, ouyuaba algún libro, entraba nel servicio a lavar as maos y miraba pola porta aberta ás escaleiras ou al ascensor por se vía alguén. Y nun daba parao.

¿José Martínez?, preguntóu en voz alta el entrevistador.

Entós Pepe esconsonóu y quedóu mirando pra él. Agora os dous homes taban paraos. El entrevistador pensaba nel que tía que fer. Pepe tamén.

Pepe pensaba nos barcos, nos libros, na porta, nel retrete, nos documentos da carpeta de pel y nos saludos y reverencias. Sin saber por qué, aquela oficina fráye renembrar todos os traballos que tivera, y dábase de conta agora de que de cada traballo quedáraye úa zuna, y nun deixaba de pensar nela. Miróu pral entrevistador y lougo pral amprio recibidor. ¡Un traballo nel equipo de rescate marítimo! Tía feitos os cursos y en orde as titulacióis. ¿Qué zuna ye diba quedar d'un traballo como ese? Deuse de conta entós de qu'iban contratalo como rescatador marítimo y de que taba na pranta quinta d'un edificio, a muita altura, a quince ou vinte metros enriba da calle y del cemento frío y duro, namáis con saltar el mostrador y abrir as ventás. Un edificio a unde de seguro habería de volver. Y, mirando pral entrevistador y pensando na zuna que ye podería quedar, espetóuye: ¿Teréi que saltar del helicóptero?

Trabatel 11 (2020)



Por San Miguel

JAVIER FERNÁNDEZ-CATUXO

(1966)*

*Nun podemos poñer lugar de nacemento único: el autor declárase col corazón partido entre As Figueiras y Tapia, porque entre os dous sitios viviu sempre.

*Güei vite pasar
ya nun pude chamate;
l'amor que tivemos
quedóu enterráu
xunto al rú,
aquella tarde.*

CARMEN GUARDADO,
Nordés

Pol camín d'Arroxo, ben de mañá por Santa Rita, amuréinte al pasar. Ibas dereta, recachada, axenegando con guapura ese corpo tan ben feitín, einda contra dos anos. Viche ameicer sosmeira, como a raposa, neste camín dos recordos y nun me viche a min, espotrayada na pedra achanada del lavadeiro, debaxo dos loureiros. Aquí, anoitada neste recanto mouro unde as sombras einda t'esconden, nun tuven que baxar a cabeza como delas veces nin mirar pra outro lao. Nun volviche a vista y nun soupiche que, úa vez máis, eu devecía por ir tras de ti, suplicante y congoxosa, como sempre.

Foi aquí, nel camín d'Arroxo, este camín gastao y costoso que vai morrer na ribeira unde contaban os veyos qu'arrebolaban as vacas que morrían ou s'esmoucaban. Por este mesmo camín amañéi eu d'arrebolar el noso amor, esmoucao, depenao, traicionao..., pode que por nun ser quén a bregar coa fortuna, pode que por ter medo a sentir ou a vivir.

Tu xa nun mo ibas perdonar nunca. Diche en pasar polos camiós y polas cayes sin cruzar os ocos meus, volvendo a cabeza, revirando y ganando a volta por outros carreiros. Seguiche el tou camín dereta, recachada.

Aquí, nel camín d'Arroxo, camín máis veyo qu'os camiós, caleya embruxada que foi el noso paraíso perdido, camín de xanzas profundas como os regueiros que nos deixóu nel alma a vida al sou paso, aquí seguimos as dúas, presas despóis de

tantos anos. Camín pechao por balaos de silvas y arteiras unde vivíu escondido, pastoirao como un poltro bravo, el noso amor prohibido.

Agora aquí sentada, cara al final del camín, recuerdo aquellos días que vexo tan lonxe. Foron tempos d'arrebato y xirigonza, ceibes sin preocupacióis, a época da vida unde te sintes libre y t'achegas á felicidade. Tempos d'andar arrestroyadas pol trabayo duro y privacióis, pro nunca faltóu úa sonrisa na cara nin razóns pra erguerse cedo pola mañá.

Del outro lao d'esta caleya, al aveiro dos loureiros, chegao San Antonio, pasábamos el tempo deitadas nel herba verde. Esqueicendo el mundo, fíamos adivianzas coas florecías, mirando el sol entre as foyas que s'atanigaban, sin feir caso das xatías que nos reclamaban bruando, quién sabe se envidiosas...

Nunca soupén cómo nin d'ónde chegou aquilo que descubrimos xuntas, aquilo que naide nos dixera y nunca podemos pensar, pro que despertóu os corpos amargueiros, medosos. Descubrir el mundo y dalgún que nun conocías dentro de ti, todo a un tempo.

Iban as maos coyendo confianza, medosas pro ben ansiosas, recorrendo as roupas desfarrapadas, apalpando en busca del tacto da pel escondida debaxo das chambras. Nun se m'ha esqueicer que, pechando os oyo, recibín ese primeiro calambre condo os tous dedos apalparon, acariñando a pel tirante, os montes d'este corpo entero de meu.

Y íbamos achegándonos, puxando d'un lao y d'outro, rodando pol herba mole, encabalgándose as pernas y os brazos hasta quedar xuncidas. Os labios primeirizos que se rozaban, temerosos, sin saber mui ben se aquilo sería pecao ou a vida que puxa por despertar.

Sin saber dar razón d'aquello que nos fervía debaxo da pel ardente, enfougadas nel trabayo agotador del querer, perdémos a conta del tempo, pasando mañás y tardías entre mil suspiros y un santiamén.

Mordémos y devoramos os torsos ardentes, como fuiñas rebincando sin xeito, descocadas, escolmiando con ansia el mel sabroso dos corpos novos, corpos arrepolaos y verdayos, acabaos d'espigar tal qu'el meiz del brao.

Éramos pouco máis qu'úas mocías novas, inocencia y alegría, arrepuxadas por soños d'úa vida que nin sequera osmábamos que nos taba negada.

Pasao un tempo, axina soupemos qu'aquello sin nome qu'atopamos entre risas, aquilo que brotóu natural y limpo entre nosoutras, era cousa anougada y perversa que nos trouxo dolor y revoltura.

Perdidas y medosas como un neno estraviado nel monte, volvendo del mercao en Vilaselán, fomos tar con un francés, patrón d'un bou, que consentiu en levarnos sin pagar pra onde fose. Pode qu'aquel rapaz roxo y esmexao se fixese algúa ilusión con dúas nenas novas que lo foron adular, pro el caso é que nos taba esperando na ribeira aquel día de San Miguel.

Foi xa na víspera del viaxe, sin saber cómo, qu'el noso amor quedou nel prao, desfeito nel herba, estragado como pequenas gotas d'orbayo. Erguémonos einda sorridentes sin que tu souperas que, dentro de min, xa taba setenciada a mía traición, involuntaria pro fatal de necesidá.

Aventamos as roupas entre risas pro, sin ter conta d'elo, volaron os soños xunto das herbas al vento. Peneiramos con ganas sin saber que deixábamos alí el única historia d'amor que conocín y tamén qu'era el última vez que nos haberíamos de falar.

Einda nun soupen hoi por qué nun fun capaz de cumprir aquela mañá. Púidome el medo y nin sequera fun quen á achegarme a verte. Tu, sempre tan lanzada, sin ese medo que me paralizaba a min, xa nunca volviche falarme nin quixiche saber de min...

Mía madre, a quen nunca cousa dixen pro qu'algo osmaba, ben sei, tería vido aquí, al prao d'Arroxo ou á punta del Barreiral, pra verme pasar, chorando al pensar que me perdía pra sempre pro contenta por saber qu'eu conquistaba, quizáis, a libertá qu'ela nun chegou a ter.

Y todo eso ¿pra qué? Porque despóis veu a guerra, veron os anos que pasaban tolos, veu esta morte prematura, desdén y amargura. El aire suave da primavera qu'un día nos espelíu trouxo tras de si un nordés frío que nos fixo enguruñarnos y aconexarnos. Envejecémos de golpe al perder a frescura y a ilusión que con tanto mimo fóramos tecendo.

En muitas ocasióis penséi que ningúna cousa pior que todo esto nos podería pasar se chegamos a irnos nesa aventura sin rumbo, pro cargada de soños. Penso y penso, douye mil voltas, pro nun dou sabido por qué nun fun muyer abondo pra seguir os tous pasos, pr'atreverme a vivir un pouquín.

Corren os anos, a gabelas, pro einda nun lo fain tan rápido como deberían. Días y noites de pechase acougada al caliente da cocía, tardes dos invernos infinitos dando cabezadas al pé del lume. Paréceme, pode que seña a imaxinación, que solo escuito el soniquete afogao da xente que fala de min na caye, como letanías y rosarios que marmuran as veyas. Tempo eterno levando ás costas ese pesar tan grande como úa roda de molín.

Recordo incómoda aquela vez que fomos coincidir, por San Roque, na lancha del pasaxe camín de Porcillán. Sentadas sin poder remedialo, úa al pé del outra,

sin poder movernos, mirando al redor cara ás nubes. Parecéume qu'el lancheiro nun nos quitaba el oyo, pode que maliciando algo, pode que solo querendo chamar a nosa atención. Pode einda que namáis mirase pra San Román pol pico das nosas cabezas enluidadas. Sufrín por táremos tan xuntas que se rozaban as roupas, pro tan distantes que cabía úa vida nel medio. Sentín nervios y tristeza, respingos d'esas peleyas tesas que noutro tempo compartiran calor y sudores; y que me fixo comprender, rabiada, que nada tía sentido nin xeito.

Por úa faladuría nun día de San Martín soupen que tal fecha señalada como hoi, de San Miguel, vías sentarte nel camín d'Arroxo perdendo a mirada na ría, por unde teríamos que ter salido tempo atrás.

Pasaos os anos, cansada d'esmorecer y desfeita de dolor, fun tar contigo; cheguéinme en busca túa a esta pedra achanada del noso camín. Xa sin medo, arremangada por primeira vez na mía vida, sentéime al pé de ti y coyínche a mao. Caladas, cruzando a mirada un instante, sentimos el calor tímido d'ese lume que revivíu nos corpos resentidos por anos de frialdá.

Nun fixo falta cruzar palabra, solo apretar as maos buscando ese contacto que quedaba na acordanza y lamentando os anos perdidos. Xuntas al fin, quedámonos a esperar el último sol que xa vía querendo poñerse por detrás de San Damián.

Trabatel 9 (2018)



Manuel de Soto

MARÍA TERESA PASARÍN ARNE
AVILÉS (1967)

V inlo entrar nel bar d'Elva, engobelao pero con andares inda lixeiros, el día del feirón d'agosto. Iba vestido con us calzóis marróis y úa chaqueta de cuadros pasada de moda, levaba gafas de ver y úa pucha. Andará polos 80 anos pero, a pesar del paso del tempo, na súa pinta d'agora, inda s'adivía el mocetón qu'un día foi. De novo era un paisano alto, fraque, ben parecido, apoucao y pouco falador, pero todo el mundo taba d'acordo en qu'era un home de palabra, d'esos a os que nun yes fai falta firmar ningún papel pa fer un trato, porque abóndayes a palabra dada ou un apretón de maos. Pedíu un café, que bebéu de dous tragos, y salíu del bar apurao, sin falar con naide, y eso qu'aquel día taba Grandas chen de xente. Seguramente vía xa de volta de Santa María, a unde se chega todos os días dende Grandas, faga frío ou calor, chova ou tía estén, dende que ta vivindo na *residencia d'ancianos*. Así yes chamamos a esos sitios unde esmorecen os veyos nestos tempos nos qu'abundan os eufemismos lingüísticos, pa evitar as connotacióis negativas que ten a palabra asilo. De parte última, nun é raro velo subindo ou baxando pola aurela da carretera entre Grandas y Santa María, a aldea na que ta a súa casa familiar. Cadaldía vai hasta alí, abre a casa baleira unde vivíu gran parte da súa vida, pasa nela un pedacín y volve a baxar pa Grandas. Quén sabe el que devana mentras ta entre aquelas paredes chías de recordos.

Manuel nacéu nesa casa, a Casa de Soto, núa familia dedicada á labranza. Tuvo cuatro ermás y él foi el único neno, polo tanto, el mayorazo, el que taba destinao a heredar a casería pa seguir coa tradición familiar. De pequeno, nun foi muito á escola. Daquela os nenos tían que trabayar na casa, axudando nas laborías da terra y col ganao, y nun podían ir á escola agá nos meses del inverno, cuando había menos trabayo nel campo. Pero era un neno argute, listo como úa centella, y aprovetóu ben as poucas leccióis que ye deron os maestros que pasaban temporadas nel pueblu y enseñaban el que podían a aqueles neníos naqueles tempos miserables.

De mozo, cuando ye tocóu tallarse cos da súa quinta, como os padres xa nun eran novos y nun tían quén los cuidase, porque as ermás xa se casaran y deixaran a casa patrucia, amañaron de que librara d'ir á mili, así que lo que s'esperaba d'él

era que se casase y se quedara na casa, trabayando a terra, criando alí a os sous fiyos y atendendo a os sous padres na veyera, como feron os sous antepasaos. Però era algo aventao y por veces nun se levaba muito ben col padre, así qu'un día deuye úa venada y decidíu marchar ver mundo, coyéu el petate ben cedo y acabóu en Suiza. Nun sei cómo foi parar tan lonxe, nin conozo ben os detalles d'esta aventura que duróu delos anos. Cuando volvéu pa Santa María, xa morrera el padre y quedóuse na casa coa madre, así qu'al cabo acabóu fendo el que tía destinao máis ou menos. Dos anos que pasóu nel estranxeiro, nunca esplicóu muito. Se daquéen ye preguntaba a qué se dedicara en Suiza, us días dicía que tuvera alindando un rabaño d'oveyas nun pueblo dos Alpes y outros que trabayara núa fábrica fendo torcas y torniyos.

Nun ye conocín ningúa relación amorosa. Corréuse por aí que tuvera úa moza de novo però que na casa d'ela nun lo querían por esas enemistades entre familias que s'heredan nos pueblos, de xeito qu'a moza acabara casándose con outro vecín y qu'aquelo ye afectara muito. El caso é que dicían que dende aquela quedara algo mal da cabeza. A realidá é que nunca se casóu nin, qu'eu sepa, tuvo despóis amorío ningún y pasóu a vida vivindo coa madre y, despóis de morrer ela, solo, hasta que nun puido valirse y acabóu ingresando na residencia de Grandas.

Eu nunca tratéi muito con él però sempre me parecéu un home interesante. Cuando eu era moza, en Sanzo había un bar-tenda, a Casa Cabanelo, unde nos xuntábamos os del pueblo, novos y veyos, y ás veces aparecía por alí algún forasteiro da contornada. Delos días, chegábase hasta alí Manuel, dende Santa María, andando ou nel Pascualín, según ye dera. Como xa dixen, nun era un home mui falanguero però, cuando xa tomara delos vasos de viño, achegábase a unde tábamos os rapaces pa cuntarnos calquera cousa. Nosoutros, qu'entonces nun tíamos agá páxaros na cabeza —como dice el dito, xente nova, todo fumo—, nun ye fíamos muito caso al que nos dicía. A verdá é qu'a min chocábanme os sous discursos y agora ben que me pesa nun ferye máis caso daquela y escuitar atenta el que nos cuntaba. Él, que nun era tolo del todo, cuando se cansaba de falar con nosoutros ou se precatava de que nun nos interesaba miga el que nos cuntaba, sempre s'apartaba dicindo: «Tedes que perdonar, vou puerme solo». Y sentábase solo núa mesa col sou vaso, sin falar con naide, coa mirada perdida pensando nas súas cousas.

Era célebre polos sous ditos y muito nos temos rido con él dacondo. Acór-dome úa vez qu'úa parexa nova de Sanzo, despóis de tar por fora úa semana de vacacióis, chegaron a Casa Cabanelo cuntando que tuveran en Marbella. Daquela, esa ciudá malagueña unde vivían os da jet set, que taban de moda naqueos tempos y salían todo seguido na televisión, a nosoutros, que pouco viaxáramos, pintábanos que taba tan lonxe como se fora Nova York, así que nun dábamos crédito ás aventuras que nos cuntaban os chegaos de pouco y fíamos burla d'elos, ríndonos como fatos: «¡Si, ho, ¿y fostes hasta Marbella nel cuatro latas?!». Però entonces nun

había Photoshop nin argayadas d'esas y tuvemos que calar como afogaos cuando nos amostraron úas fotos unde taban elos pousando en Puerto Banús delante dos yates de luxo, xunto al Marbella Club y noutros sitios da Costa del Sol. Aquel día taba alí tamén Manuel y, al ver as fotos, rápido como un riguiete, sentenciou: «¡Pos é verdá, train documentos!». Y esta espresión féxonos tanta gracia que xa quedou pa sempre formando parte del noso léxico familiar y, como conta Natalia Ginzburg, abonda que daquén la pronuncie pa que vólvamos de supetón a rirnos al recordar aquel momento da nosa inocente y despreocupada mocedad.

A vida foi pasando pa Manuel y pa todos. Cuando se xubilou fora pasar úa temporada con úa ermá que vivía en Uviéu, como eu, y un día atopéilo pol barrio de Pumarín. Andaba lixeiro y chocóume porque levaba un can d'esos pequenayos preso pola correa. Crucéime con él pero nin me mirou y eu, pensando que nun s'acordaría de min, nun m'atrevín a saludalo. Según soupen despóis, aquilo durou pouco porque él nun s'atopaba na ciudad, así que lougo volvéu pa Santa María. A definitiva foi el día que perdéu el can da ermá. Resulta que salira pasiar con él y, como ye apetecera entrar nun bar tomar algo, nun se ye ocorrira outra cousa que deixar el can atao núa farola. El caso é que s'embobou nel bar inda ben y, cuando s'acordou de marchar, el can xa nun taba unde lo deixara. Nun tuvo máis remedio que volver pa casa sin él y a ermá púxose nos cornos da lúa cuando soupo que lo recupera a policía y, al nun dar col amo, lo levara pá perrera.

El mesmo día del feirón de Grandas, volví a ver a Manuel un pouco máis tarde. Como fía tanta calor, soltóuse a chover de tronos, y mentras todos corríamos buscando aveiro, él taba sentao na parede que zarra el parque del Toural, unde se poin todos os postos del mercao, sin fer caso del augua que caía ás concadas nin del batán que s'amañou nun bocadín, coa mirada perdida, mirando de frente sin ver, embobao nos sous pensamentos.

Trabatel 10 (2019)



El Celibatón

MARISA LÓPEZ DIZ

XIXÓN (1970)

Castiadelo, 18 de xuyín de 1997

Einda nun ameicera condo sentíu el ladrido del can cuspiendo el aire como un presaxo azarento. Pensóu que dalguén —úa solombra delgada y máis escura qu’a terra que se vía al outro lao del río— andromeiraba al redor da casa. Erguéuse col corazón mazándoye nel peto y atazao pol medo.

Levaba meses sentindo que dalguén lo vixilaba polas noites. Nunca vira a naide, pero podía sentilo naquela rara inquietú del can, nel respirar aforfogao del boi abaxo na corte, nel augua axitada del río... Fía xa abondo tempo que vivía solo, quiciáis demasio.

Fiyó de solteira y coxo desde que caera d’un macho pasando a ponte del molín, cobraba úa paguía pequena que ye bastaba pra sobrevivir naquela casoa de pedra. Nun necesitaba muito pra vivir. Tía un horto qu’abastecía as súas necesidades máis elementales y dalgús animais que ye servían de sustento y compañía. Nel poble chamábanye *El Celibatón* y dicían que taba tolo.

Él nunca salía d’aquela casa se nun era pra ir a dalgúa feria amañar dalgún trato pra vender ou mercar un xato ou dalgún cocho. Con aqueles zarampayos cotrosos y aquel xeito de mirar atravesao nun era home que despertara muitas simpatías entre os vecíos. Hasta as palabras se ye volveran ásperas y frías, como aquelas mañás d’inverno que pesaban nel louxao da casa y se perdían nos carreiros.

A él nun ye importaba miga lo que dixera a xente. Lo único que ye importaba nestos momentos era aquela presenza invisible que parecía tar cada día —ou miyor, cada noite— máis y máis cerca, que chegaba polas noites y marchaba cuas primeiras luces da mañá.

Si, nun eran figuracióis. Levaba meses sentindo que dalguén lo vixilaba. Por eso aquela noite, como vía fendo as últimas semanas, sentóuse a esperar na cocía cua escopeta cargada y el medo apertándoye as maos.

Pasou muito tempo antias de qu'ouguira nada. Sentíu el oulido ronco del can perdéndose nel monte y deixando un silencio que lo invadiu por dentro hasta secarye el alento.

Garrou a escopeta y mirou pola ventá. Nun se vía nada. A escuridá máis absoluta cubríalo todo como un manto sinistro y mouro. Punxo el dido nel gatillo y abríu a porta apuntando á nada. Chamou al can.

—¿Quién anda ei?

Peró nun hubo resposta.

Entrou na corte y botou úa oyuada. Despóis baxou hasta el río seguindo lo que ye pareceu úa solombra que cuase nun se distinguía naquela noite moura. Ás veces, parecíaye ouguir daqué á esquerda, outras á dereta, outras detrás d'él... Volvíase, entoncias, y nun vía máis qu'aquela escuridá impalpable.

En mitá d'aquela noite sentíuse un tiro estoupar. Nun s'escuitó al can ladrar. Esperou un pouco antias de volver prá casa. Nada.

Antias d'entrar, volvéu mirar na corte. As dúas vacas y as oveyas tíalas nel prao d'abaxo da casa, peró el boi taba tirao nel tarrén, cua boca y os oyoos abertos. Morto. Entróuye el pánico y salíu correndo d'alí. Chamou al can úa vez, dúas... cinco... hasta sete veces. Nada.

Entrou na casa. Faltábaye a respiración. Foi directo al cuarto y prendeu a luz. Mirou prá cama y, entoncias, entendéulo todo.

Castiadelo, 29 de setembre de 1997

Era mui raro que naide pasara cerca da casa del Celibatón. Tabo a mui desmao y nengún vecín tía ganas de cruzarse con él, peró aquel día decidíu achegarse á casa. El Celibatón apalabrara con él a compra d'un cocho y nun se presentara. Levaba semanas sin velo. Chamóuye el atención ver al can del Celibatón á veira del río, comido polos bichos. Achegouse á casa. Nun lo víu por nengún lao.

—¡Susoo! —gritóu.

Abríu a porta y entróu. Cheiraba. Na cocía tabo todo en tenda y había restos de comida por todos os laos. Volvéu a chamar a Suso, peró nun ye contestóu naide. Entróu nel cuarto y, entoncias, víulo deitao na cama cua escopeta al lao, as sabas manchadas de sangre veyo. Morto.

Trabatel 5 (2014)



Un caso singular

ANDREA GONZÁLEZ GONZÁLEZ

VILARÍN, CASTROPOL (1971)

El vento de xeneiro sopraba frío y á neve costábaye marchar del todo dos picos, como se tuvese esperando por outra. Os camíos taban chíos d'auga y de lama y na corte namáis quedaba úa vaca ratina de cornos grandes y mirada asustada d'animal de monte.

El home mirábala esmolido y, pasándoye a mao pol lombo, díxoye:

—En mal día te pois de parto, Parda, col frío que fai y lo fraque que tas. ¡A ver se lougo acaba y nun hai problemas!

El rapaz chegóu lamar de contento; taba empezando a estudar veterinaria y tía ganas de practicar.

—Déixame mirala a min, bolito.

—Ta ben. Mírala tu, que teis qu'ir aprendendo. Vou coyela pol corno, que ta nerviosa y estraña, nun te vaya mancar.

Mentres el bolo tía por ela, el neno revisóu a vaca.

—Parece que ta ben colocada y son úas patas mui pequenas.

Y aprofitando un empuxón da vaca, tiróu un pouco y salíu úa cría escurridiza como úa truitía.

El bolo soltóu el corno y acercóuse mirar de cerca el bichín.

—¡Y esto? ¡É úa xatía, pro máis parez un conexo! É imposible que coa barriga que ten esta vaca traiga úa cría tan miuda. ¡Ten que ter outra! Volve mirala —díxoye al neno mentres acercaba a xatía a súa madre pra que la lambese y volvía agarrar el corno.

—¡Si, si, hai outra! —contestóu el rapaz emocionao.

Y, case al mesmo tempo que falaba, salíu outro bichín aparecido al primeiro.

El bolo acercóuse revisalo y arrastróulo hacía a madre y a ermá mentres anunciaba:

—¡Outra xatía! Son mui pequenas y a vaca ta mui fraque, nun sei se poderá crialas. A ver se polo menos se libra ben y nun enferma. ¡Faime ilusión, que nunca houbo xemelgas na casa! Túa abola vai quedar tola condo yo contemos. Vamos deixalas un pouco tranquilas, qu'a madre las lamba y despóis volvemos amomentalas.

Condo volveron despóis de contarye as novidades a abola, encontraron as xatías deitadías, igual que las deixaran. Eran tan miudas que nun podían nin levantarse. A madre taba mui inquieta y dolorida.

—Esta vaca nun ta ben, algo ye pasa —dixo el veyo— ¡Anda, neno, volve mirala!

El neno obedecéu y berróu emocionao:

—¡Outra, outra, bolo, hai outra!

Y al bocadín cayéu al tarrén outra cría pequenía como un conexo.

El bolo acercóuse vela.

—¡Outra xatía! ¡Mete medo! ¡Trillizas! Nunca tal me pasóu, nin nunca tal vin y mira que levo toda a vida entre el gao. ¡Manda carayo!, úa probe vaca del monte, fraque como un arañón, qu'empreñóu d'un toro normal, sin tratamentos de fertilidá nin cousa ningúa, trai tres xatías d'un parto.

Muita foi a ilusión. Condo yo contaron a abola pensóu que taban de broma. Os fijos tampouco daban crédito.

As crías eran tan pequenas que nun tían rixo pra erguerse. A vaca nun daba leite, agotada pola debilidá y a fogaxe. Pro todo ten solución. Avisóuse a os vecíos, que veron ver el fenómeno, axudar y trager colestro conxelao pras pequenas, y chamóuse al veterinario, que medicóu a madre.

As xatías eran iguales, de tal xeito que pra nun confundilas poñéronyes un collar de color distinto a cada úa. A vaca foi recuperando cos cuidaos dos bolos y enseguida ye subíu el leite. Úa das pequenas nun quería nada máis que mamar de súa madre y como era mui cabezuda houbo que deixala; ás outras dúas dábanyes mamona, pro tamén chupaban algo da madre, que con tantas pequenas taba tan emocionada que nun sabía a quén mirar. Os bolos taban encantaos cuidando as súas pequenas, qu'enseguida piyaron forza y recuperaron vitalidá. Medraban ben, anque naceran tan miudas. Enseñaban as trillizas a todo el que chegaba y contaban aquela historia tan singular, contentos como se yes tocara a loteiría.

Trabatel 8 (2017)



A extinción del neandertal

ARTURO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, *TANGUEIRO*
AS CAMPAS, CASTROPOL (1973)

Neandertales y sapiens levaban séculos sendo bus vecíos. Un día gris de barruzo d'esos que pasaban folgados dentro da cova pintando graffitis y afilando as súas lanzas, ún dos sapiens empezóu a fabricar palabras. Nun pispás púxoye nome a os sous compañeiros y a todas as cousas qu'había na cova. Al outro día, todos os sapiens sabían falar. Non conformes con guardar el sou descubrimento pa eles, foron correndo enseñáryelo a os sous vecíos. Os neandertales, avezados a comunicarse con xestos y miradas, quedaron pasmados col novo invento. Pasados us días nun poderon soportalo y emigraron lonxe. Pro os sapiens necesitaban ser escuitados y foron detrás d'elos.

Trabatel 8 (2017)



El que che deixan, vólvelo

EMMA MÉNDEZ
CARTAVIO, CUAÑA (1973)

Acomodouse, tapóu hasta as oreyas y zarróu os oyo. Xa salía de camín un suspiro d'alivio al dispoñerse a dormir condo el rellustro d'un recordo, d'un idea ou, más ben, d'un olvido fíxoye abrir os oyo outra vez.

Cos oyo prendidos del techo que na media escuridá del cuarto deixábaye distinguir os contornos da llámpara como se fose úa criatura desconocida, recordóuse a si mesmo qu'os asuntos de trabayo quedaban sempre, desde aquela temporada que tan mal lo pasara, coas botas nel entrada da casa: se quedara algo por fer ou mal feito, mañá era outro día. Tampouco podía ser por un asunto personal; sempre había un familiar ou un amigo que chamaba pra recordar el que fose, nunca nada tan importante que nun lo apuntase nel axenda del móvil.

Chisgóuse un oyo a si mesmo y acabóu de soltar el suspiro que deixara a medias; revolvéuse un pouco sin moverse del sito, zarróu os oyo outra vez y decidíu dormir.

Deu un brinco na cama y quedóuse parao sin saber qué pasara. Sin tar seguro se acababa de zarrar os oyo ou dormira, buscóu os números coloraos del despertador pra confirmar que tuvera dormindo; quedábanye namás tres horas de descanso. Y, se taba dormindo, é que daqué lo despertara. Costóuye un pedacín darse conta de que fora úa voz, a súa. Pro él nunca soñaba ou, miyor dito, nunca s'acordaba de se soñaba ou non.

Nun iba desconsonarse pol qu'el vagar da súa cabeza ye dese por contar, que pode que soñar nun fose malo pral descanso, pro nun iba malgastar el pouco tempo que tía pra dormir dándoye voltas a os soños, fosen bus ou malos, tanto daba. Por eso era raro que despertase así, y más inda por un berrido propio; pro, fiel a os sous principios, nun iba deixar qu'eso ye roubase tempo de descanso.

Zarróu os oyo outra vez y volvéu dormir.

Esta vez despertóu abríndolos como pratos, convencido de que sentira sonar el despertador, pro inda faltaban dous minutos, según víu al sacar a mao pr'apagallo. Antias de ter tempo a estrañarse por despertar él solo, el idea, recordo ou

olvido que rellumara na súa cabeza al dispoñerse a dormir allumóu con forza entre as brumas del despertar, féndoye erguerse sin pararse a calzar ben as zapatiyas ou vestir como era debido a bata mentras abría a porta del cuarto y salía camín del cesto da roupa sucia.

Allí taba el motivo da noite de velía que pasara. Nel bolso del calzón, ben dobradía, a serviyeta del bar unde xantaban todos os días. Y, nella, a ringleira de númaros que podían poñello en camín del que perdera condo era más novo.

Tantas voltas ye dera al asunto os últimos días que, al ter el número qu'abría a caixa dos tronos, acabara convencéndose de que nun merecía a pena, hasta el punto d'esqueicer que xa tía a chave nel bolso. Pro taba claro qu'aquello seguía tendo más importancia da qu'él quería darye y seguir esquivando el asunto nun iba darye más que dolor de cabeza y pouco descanso, como comprobara aquella mesma noite.

Despós d'ir poñendo nel sou sito as pezas del rompecabezas d'amistades comúis, conocidos intermedios y demás, deran chegao, cada ún pol sou llaio, al ese da cadía que rompera condo eran mozos y se vían case todos os sábados nos bares de costumbre. Por ei empezaran, condo el compañeiro novo, con miyor memoria pras caras qu'él, dérase a conocer d'aquellos anos. Y, aprotetando el hora da comida, foran día a día recordando sitios, xente, cousas y casos d'aquellos tempos. Hasta chegar a ella.

Nunca soubera cónta xente del grupo s'enterara del enredo qu'amañaran entre os tres. Pro debera ser más da qu'él contaba, según el que sentira xantando. Reconocer que fora todo úa fatada mui grande axudara a perder el medo pra preguntarye se podía darye el teléfono, xa qu'él si mantía inda as relacións con ella, inda qu'a trompicóis, como foran sempre.

—Si, ho, ¿cómo non? Además, ta encantada de falar contigo outra vez... Xa sabes cómo é, nun cambiou miga...

Y allí taba el número.

Inda deixóu pasar un par de días antias de chamalla; xa qu'esperara case veinte anos, por us días nun iban poñerse pior as cousas. Ben sabía que tía que fello, dar el paso pra volver al sito unde metera a pata, xa que tía ocasión d'amañar el estropicio, ou, condo menos, intentallo.

Pensándolo ben, hasta fora bon que pasara tempo, así xa nun tía tan presente a mala fe coa que sabía que lo fixera y el fato que fora él por deixarse embolortar d'aquel xeito. Y eso qu'inda coloriaba al acordarse de todo aquello.

As normas eran claras como el augua; todos sabían ben con quén trataban. Y allí taba el fato pra deixarse embolortar y valir d'espantuyo na guerra entre as dúas. Y como fato qu'era, el pior parao fora él.

—Hola, nía... Si, xa sei qu'esperabas que chamase... Pos si, nía, é ua fatada, pro gustárame recuperallo... Non, ¿cómo vou querer volveyero se nun sei nada d'ella desde fai anos?

Y se non, tampouco era que fose asunto d'ella, que pra eso s'enterara ben de qu'ellas si que nun tían relación ningúa.

Tampouco fora tan difícil. Nin sequera tía qu'ir vella. El mesmo mensaxeiro que ye dera el teléfono iba llevarle el llibro al trabayo, el mesmo llibro qu'él ye deixara fía tantos anos. Y allí lo tía, forrao y todo, con todas as foyas y sin más notas qu'as que tía condo yo deixara; así que tuvo tentao a concederle outra oportunidade, que parecía que tampouco fora tanta a mala fe como él pensara. Pro pensóulo miyor y, conocéndola, sacóu a conclusión de que nun dera pra más: seguro que nin se ye ocorrira cambiallo ou estropiallo; porque del que taba convencido era de que nin lo llera. Nun era d'esas... que llen llibros.

Xa quedaba namás medio camín pra zarrar a cadía y poder seguir pr'adelante. Reparao el estropicio, xa nun dependía sólo d'él se as cousas seguían igual ou tomaban outro camín que, según lo vía agora, pior iba ser difícil que se ye puxeran. Inda nun quería pararse a pensar, a recordar aqueles soños que, al romperse, enseñaránle que sempre era miyor ter os pés na terra y a cabeza fría pra tomar decisións y fer planes. Xa tería tempo de más se volver el llibro ye abría outra vez aquela porta.

Case ye estrañou máis qu'el outra aceptara sin más quedar con él. Chegóu a pensar qu'igual nun era pra tanto y que tuvera fendo inda máis el fato por tomar al pé da lletra el que ye dixera como despedida aquel día. Pro nun s'equivocara miga:

—Así qu'al fin lo recuperache, ¿non?

—Pos si, aquí lo teis.

—Aprenderías algo, ¿non?

—Si, más del que pensas.

Pro, lo primeiro, qu'as normas tan pr'algo, tamén entre amigos. Ou inda más entre amigos.

Y qu'a naide se deixan parexas nin cousas d'outros, y menos sin permiso del interesao.

Acabóuse.

Trabatel 2 (2009)



*Paco Migas,
el último comepecaos*

MARTÍN PÉREZ ÁLVAREZ, *MARTIN DE VILLAR*
VILLAR, MIUDES, EL FRANCO (1975)

É todo conto me podo acordar. Eu inda era un neno, fraque de más, pequeno como un abázcaro, y que daquela empezaba a ter conocemento. Xa había tempo que me cayeran os primeiros dentes de lleite y al rirme enseñaba os dous paletos de riba. Al llaio dereto da crisma tía úa revinxina que se vía dende llonxe. Era lo primeiro que se vía de min. Decía mía bola que todos os nenos que tían tamaña revinxina salían atravesaos. Nun sei si tía razón, pero tampouco ye faltaba toda, teño que reconocello.

Eran tempos d'abrir mundo, de ver cousas novas y conocer a outros como ún. Os amigos que fais a esas edades nunca s'olvidan. Son amigos pra sempre, pase lo que pase. Por muitos defectos que teñan, queslos igual. Por muitas tachas que teña ún, quérente igual.

Naquella cuadriya éramos tres morrales. Chus, que tía dous anos más qu'eu, y que fía as veces de xefe. Condo ye preguntaban por qué sempre mandaba él, decía que porque era muito, muito, más grande y que xa tía bigote, entendendo como tal úa pelusa amourazada que tía nel beizo de riba. Él sempre tía a ocurrencia más tollapa y os demás fíamos por llevalla a cabo. El cabo muitas veces salía mal y pañábannos nel renuncio. Discurría Chus, castigábannos a os tres, pero era igual. Xico, qu'en paz descanse, taba nel medio dos tres... pra todo. Todo ye valía y con todo achantaba. Dicían por allí que ye faltaba un verao. Eu nunca nada ye notéi. Era dos que van contigo al inferno si fai falta. Y despós tía aquela risa que nun era quen a parar. Era macanudo. Eu era el más novo y el más encrenque. Pra que nun se notase muito, andaba a paso llargo afincando nas punteiras, a lo disimulao. Y fíame el valente, nunca decía que non a nada, y eso qu'agora podo decir que teño pasao ben medo con algúa d'aquellas albeiradas nas que nos metíamos.

Corría el ano setenta. Inda fumiaban os tizóis das fogueiras de San Xuan y suaron as campás del iglesia. Aquella vez nun fóramos nosoutros, y eso que nos prestaba ir tocallas condo nun debíamos.

—Tocan a morto, rapacíos. Ídevos pa casa, andái —díxonos úa muyer qu'iba zanquiando costa arriba.

Fixemos como que sí, pero en conto desapareceu cambiamos de parecer. Dixo Chus qu'había que saber quen fora el que la guiñara; palabras testuales. Anduvemos os tres poñendo as oreyas undequera qu'atopábase xente apeteirada, sobre todo si falaban baxo y poñían cara tesa. Anduvemos media tarde sabichando y acabamos enterándonos de que morrera el Tío Xan del Souto. Nun sabíamos quen era. Oguimos dicir qu'era más veyo qu'un tal Matusalén, que tampouco sabíamos quen era. Escuitamos relatar qu'aquel home xa lo deran por morto condo a guerra, y que tamén lo deran por morto na Residencia fía dous anos. Eu nun entendía cómo podera morrer tres veces aquel paisano.

Algús dicían que nun había morrer nunca; outros que pensaban que xa taba morto. Dúas mueres acaloradas dicían qu'aquello era cantao. Úa, que si llevaba cinco meses sin moverse da cama, que tía as espaldas llagadas, podridas. Outra, que si xa se ye aparecera a ella mentres durmía, señal de que ye quedaba pouco de vida. Eu tampouco entendía cómo aparecera el home na cama da muer si llevaba casi un ano sin moverse da súa. Nun entendía nada.

Al pé del parque outras dúas falaban sin fer tanto ruido:

—¿Haberá mazaricón?

—Nun che creo... Nun tía a naide de sou.

—Pos algo ye haberá que llevar.

—¿Chegaríay el viático?

—Penso que non.

—Pos así nun pode ir...

Aquellas mueres falaban en código secreto. Eu nun m'enteraba de nada y preguntéy a Chus, que sempre sabía:

—¿Qué será el mazaricón?

—Nun lo sei..., pero imos sabello.

Al parecer, el velorio era ás oito. Os nenos nun tíamos entrada, taba visto. Chus dixo qu'había qu'ir un bon pedazo antias prá casa del Tío Xan, qu'había un portello que daba á bodega y, si nun tía a tranca botada, podíamos entrar y subir sin que nos visen pola escaleira del desván. Alló fomos. A tranca nun taba botada y, aunque tuvera, el portello tía más furaos que trabas. Íbamos pasar igual.

—¿Pasaré eu pol portello? —preguntó Xico, consciente del sou volume.

—Nun teis duda —díxoye Chus. Si cabes, entras... y, si non, quedas fora.

Chus... ¡qué llisto era! Tía salida pa todo, era tremendo. Eu nun tía mui claro lo qu'era un velorio, parecíame qu'era algo pra rezar a os mortos, pero con muitas velas. Algo de razón, non muita, pero xa tía. Puxamos el portello y, sin más, os tres llacazáis xa tábamos dentro. Enveredamos pola escaleira arriba como el que pisa brasas. Había que nun fer ruido. Nas trabas del desván xa nun foi posible: rinchaban como si fose cayer todo embaxo. Algúas taban separadas outro tanto como un dido meu.

Chegamos enriba da sala y botámonos de prancha. Eu asoméi un oyo pola grecha entre dúas maderas y allí taba. Eu nunca vira un morto, aquel era el primeiro.

Nunca se m'ha olvidar. Taba serio, cos ocos pechaos y as maos enriba da barriga cos didos cruzaos. Tábamos ben enriba, pero inda así nos chegaban as tufaradas a morto. ¡Cóntas noites teño soño con aquel momento! ¡Y nel soño abría os ocos!

Chus y Xico nun gorgutaban. Eu nun podía nin moverme, quedéi como úa pedra. Tábamos os tres como tres pedras. A caxa esperaba sola, nun había a naide velando. Núa repisa queimaban cera media docía de velas postas de cualquier xeito. Ramos nin coronas como se ven agora nos velorios, alí nun se vían. Inda hoi m'acordo de todo aquilo condo me cheira a vela queimada.

Tuvemos alí sin movernos un bon pedazo. Nun sei cónto porque ningúna das tres pedras tíamos reló. Al pouco, empezou a chegar xente, pouca, y pouco a pouco. Chus dixo que lo taban chamando. Mentira. Xico, que tía muito que fer. Más mentira inda. Os dous marcharon rinchando con más medo qu'outra cousa. Eu tamén lo tía, muito, pero inda tía muita más curiosidá que medo. Así que quedéi alí solo, fendo a pedra y col oco asomando pola regandixa.

A un banco da sala foron pousarse as dúas muires que tuvéramos escuitando pola tarde, as que falaban del mazaricón. Sentáronse en perfecta sincronía. Aquello tíanlo ensayao, nun me cabe duda. Trían úa esporta con daqué dentro, pero nun puiden adiviar qué era. Falaban con gran seguridá úa con outra, víase que taban al mando d'aquello. Úa d'ellas dixo al outra úa frase que nunca se m'ha esqueicer.

—Mira, xa ta ei el comepecaos...

Regalléi el oco conto puiden; hasta xa me dolía. Nunca tanto me tardou esperar por daqué como me tardou el espera pol comepecaos. ¿Qué sería aquilo? Nunca tal ouguira, nin volvín ouguir.

Sentíaseye pisar pol pasillo del Tío Xan. ¡Qué nervios! Eu nun podía chegar a ver lo qu'era, tardábame. El oco nun me reviraba más. Dende a regaña del piso vinyes chegar a un par de zancos al quicio. Alí se quedaron. Taba escuro y da mitá das perneiras pr'arriba nun se presumía qué era aquel misterio. Úa das muires estendéu a mao hacia un tayolo qu'había al pé da caxa y dixo:

—Pasa, Paco. Senta ei.

Desde se puxo nel sentoiro xa vin quen era el que ye chamaban comepecaos. Paco Migas ye chamábamnos os nenos de Veiga. Sempre lo víamos por alí, pero era como si nun tuvera. Era un home que casi nun falaba con naide, mui reservao, con úa vocecía pequena que poucas veces la ouguías. Á tardequía taban os homes xugando a partida nos bares y él andaba por alí al redor mirando, outiando as cartas porriba dos ombros, pero sin participar en nada. Él nunca xugaba. Xa nun era novo, sesenta anos nun yos quitaba naide. Era fraque, miudo, branco de tez y con barba llarga canosa. Era pequenín y aquel traxe gris que sempre llevaba éraye algo abundante, con lo qu'inda lo fía parecer más froxo. Porriba poñía casi sempre úa gabardina gris, veyá, probe, que concuayaba con todo lo gris, veyo y probe qu'era Paco Migas. Andaba sempre coas maos nos bolsos. Era mui tímido, nunca te miraba de frente. Parece que lo tou vendo...

Daquella fíanse en Veiga xardinadas de cote a cada pouco. Trían xardías pra carnada pra llevar nas lanchas y sempre había cantidá d'ella. Como sobra, fíanse varias enchentuadas al cabo del ano. Entre a xente, esquinao pra que naide reparase nél, taba sempre Paco comendo que parecía que llevaba pra toda a semana. Y sempre solo, sin falar con naide. Lo de Migas era el apellido que ye puxéramos os rapaces del poblo porque aproveitaba tanto lo que comía que nun deixaba nada. Al final inda arrapañaba as faraguyas y metíalas d'un puñao na boca. Daba gusto vello comer con aquelas ganas. Paco Migas era cousa nosa, nunca yo dixemos a naide. Era un mote que ye puxemos sin ánimo de querer faltarye. Naide más lo conocía por ese alcuño. Despós, condo morría daquén nun poblo así pequeno, al velatorio y al enterro iban todos. Y Paco Migas nun faltaba, claro.

Volvendo a lo que taba. Allí tíamos a Paco Migas sentao al pé del cadabre, a cada cual más teso. De sutaque paróu d'escuitarse el murmullo da xente y úa voz grave empezóu a falar nel nome del Padre, del Fiyo y del Espírito Santo. Namás empezóu el rosario, úa das muyeres directivas metéu a mao na esporta, sacóu un bocadillo grande como el meu brazo y deuyo a Paco Migas porriba da caixa del difunto. Paco coyéulo sin dicir nada, como si xa lo esperase. Xa sabía lo que tía que fer. Parecía ser que nun era a primeira vez. El comepecaos púxose a rañar nel pan sin fer miga de ruido. Cinco misterios tardóu en acabar el que ye deran y quedóu na mesma postura que tía al empezar, como si allí nun pasara nada.

Con un amén empezóu a irse a mayor parte da xente. Outros, os menos, foron achegándose. Entre ellos, el cura. As muyeres sacaron da bolsa dúas botellas de Sansón y outras tantas caxas de pastas. D'úa mesía qu'había na esquina coyeron copas y úa botella de coñá. El cura estiróu a mao pra coyer a primeira. Á segunda Paco Migas nun ye dixo que non. Al pouco foi volviendo el ruido y acabándose as copas llibres. Ún baxóuye a tapa al morto y a caixa acabóu valindo pra pousallas. Eu primeiro nun entendía qué fía Paco comendo al pé del morto. Tampoco entendía despós qué fían todos bebendo enriba del difunto. Nun entendía nada, a verdá. ¡Nunca tal vira!

Fun salindo d'aquel desván pensando en todo aquello que vira, sin cuidao ningún de lo que rinchaban as trabas porque xa falaban tan forte que nun m'ouguían. Aquella noite nun durmín cousa. Cada vez que pechaba os oyo, abríalos el morto.

Al outro día atopéi a os meus secuaces, nel Campo la Telaya, como sempre. Eu llevaba muito que cuntaryes y ellos tamén trían. Chus tría un bon coscorrón y Xico, dúas soureyadas. Coyéranlos salindo del velatorio. Costóuyes crer todo conto yes cuntéi y tuveron que pasar varios anos hasta que nos fixemos mozos y nos deixaron ir a velatorios sin sufrir represalias domésticas. Foi condo eso que poderon comprobar que lo que yes cuntara era verdá.

—Mira, mira, ta ei el comepecaos —dicíamos cada vez que lo víamos.

Durante anos íbamos a todos os velatorios con tal de vello. El último que fomos foi el d'él, el de Paco Migas, y allí naide coméu pecaos. Nel velorio de Paco Migas

naide levou galletas nin coñá. Naide levou flores nin puxo velas. ¡Hasta fomos poucos os que rezamos aquel rosario! Tampouco naide coyéu el relevo nel oficio de comepecaos y, dende aquilo, pra nosoutros velar difuntos perdéu toda a gracia. Entre nosoutros nunca máis volvémos falar del comepecaos, nin volvémos falar de Paco nin de Migas. Eu el última vez que lo noméi foi al volver del sou velorio. Agarréi a mao de mía madre y un pouco de valor y preguntéiye:

—Mamá, ¿por qué a este home ye chamaban comepecaos?

—Eso nun son cousas que teñan que saber os nenos.

—Si che pregunto esto... será porque xa nun soi tan neno.

—Mira. Condo úa persona morre, a lo miyor ye quedóu algún pecao sin confesar, que se ye olvidase ou que nun ye dese tempo a diciryo al cura. Pos el comepecaos quítayos, cómelos él pra qu'el alma vaya llimpia pral Célo... El comepecaos quédase cos pecaos del difunto pra sí.

Lo que m'enseñaron os curas nun tía nada que ver con lo que me taba dicindo mía madre. Mía madre taba cuntándome qu'había un atayo pra ir al Célo. Nun fía falta ser bon toda a vida. Nel último momento el comepecaos quitaba todas as faltas pra ir al Célo. Nun entendía nada. Levóume ben anos entender todo aquilo. Xa casi lo tía olvidao, pero, lo que son as cousas.

Pasaron cincuenta anos das andanzas con Paco Migas y tía eu todo aquello nel caxón del olvido. Pero resulta qu'ayer petóume na porta un rapaz que dixo tar investigando as costumes veyas nos enterros d'antano. Falamos de muitas cousas, falamos de todo conto había condo eu era neno. Nun me veu á cabeza el comepecaos hasta que xa s'iba ir. Cuntéiye lo de Paco Migas y apretóu el focico. Díxome que yo volvese a cuntar con detalle, notéiye que tía interés. Cuntéiyo todo ce por be, tardéi un bon cacho, y, condo acabéi, empezóu él.

Empezóu cuntando qu'aquello de comer os pecaos era úa tradición tan veyas que se remontaba al empezo del mal na humanidá. Existen os comepecaos dende qu'esisten pecaos. Aquel rapaz que me preguntaba y quería saber, sabía más qu'eu. Cuntóume qu'aquello era un hábito pagano, desconocido por aquí, pero que fora costume en Inglaterra, en Escocia y en Gales hasta finales del siglo XIX y principios del XX. Allí, mediante rituales, úa persona coyía os pecaos del fallecido por medio de comida y bebida, símbolos dos pecaos sin purgar del morto, absolvéndoye con eso el alma y descansándoye el corpo. Aquello taba desaprobao pola Igrexia, pero consentido d'algún xeito. Na mía cabeza todo empezóu a ter sentido.

Al parecer, naquellos países, un parente ponye úa fogaza nel peto al difunto y pásaye úa xarra de cerveza al comepecaos porriba del cadabre. Despós de rezar, el comepecaos come y bebe el que ye dan, coyendo así as faltas sin perdonar. Condo había úa morte de sutaque y nun dese tempo a qu'el cura fose confesar y dar a extrema unción considerábase qu'esa persona morrera en pecao y era entós condo a familia botaba mao dos servicios del comepecaos.

